

ACTA N° 01/09

SESIÓN ORDINARIA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL REALIZADA O DÍA 7 DE XANEIRO DE 2009

Asistentes:

CONCELLEIROS:

D. Valentín Piñeiro González.
D. Arturo González Pérez.
D. Víctor Manuel Pastoriza Lino.
Daniel Rodas Chapela.
D.^a Libertad Cruz Couso

Secretario: Carlos Piñeiro Sarmiento

Na Casa do Concello de Moaña, o 7 de xaneiro de 2009, reúnen-se as devanditas persoas baixo a presidencia do señor alcalde, D. Xosé Manuel Millán Otero, asistidos por min, o secretario, coa finalidade de realizar a sesión ordinaria da Xunta de Goberno Local, anunciada para o día de hoxe ás 19:30 horas, en primeira convocatoria.

A Presidencia declara aberta a sesión ás 19:35 horas.

1.- APROBACIÓN, SE É O CASO, DA ACTA ANTERIOR.

Dáse conta do borrador da acta da sesión ordinaria da Xunta de Goberno Local número 53/08, do 29/12/08, e a Xunta de Goberno Local, en votación ordinaria e por unanimidade dos asistentes, acorda aprobar dita acta.

2.- LICENZAS DE OBRAS

Vistos os expedientes instruídos a instancia dos interesados que de seguido se relacionan e examinado o informe do técnico e do secretario municipais, a Xunta de Goberno Local, en votación ordinaria e por unanimidade das persoas asistentes, acorda conceder a licenza de obra, que será efectiva, no seu caso, a partir da licenza de primeira ocupación, deixando a salvo os dereitos de propiedade e sen prexuízo de terceiros e, con circia subxección aos condicionamentos establecidos nos devanditos informes, e tras o pagamento das taxas correspondentes.

2.A) EXPTE. 291/08 – D.^a ELISA VIEITEZ COSTA e D. DAVID GARCÍA JIMÉNEZ presentan proxecto de muro de contención de terras, peche de finca a vía pública e a lindantes, situada no barrio da Fraga, de conformidade co proxecto presentado e redactado polo arquitecto técnico D. Humberto Guimerans Gallego, visado 12.12.2008, orzamento das obras 7.135,38 euros.

Dáse conta do informe do aparelador municipal do día 2 de xaneiro de 2009, que literalmente di:

ASUNTO: MURO DE CONTENCIÓN E CERRAMENTO (OBRA MAIOR)

INFORME: **Procede licenza** de acordo coa documentación técnica presentada.

Altura máxima a partir da rasante será de 1,80 metros sendo cando menos a terceira parte de elementos diáfanos.

Require informes sectoriais.

No expediente consta autorización administrativa da Diputación Provincial debendo posicionarse o peche a maior distancia de 6,0 metros do eixo ou a 2,0 metros da aresta exterior da explanación.

No expediente consta o estudo básico de seguridade e saúde.

Liquidación provisoria de tributos

Imposto s/construción.....	199,79 €
Taxas licenza urbanística.....	65,00 €

2.B) EXPTE. 290/08 – D. JOSÉ PALMAS ROSENDO presenta proxecto de estudo técnico para aplacado de fachadas nunha vivenda unifamiliar, situada no barrio do Redondo nº 98, de conformidade co proxecto presentado e redactado polo arquitecto técnico D. Humberto Guimeráns Gallego, visado 11.12.08; superficie construída 316,96 m2; orzamento 9.897,30 euros.

Dáse conta do informe do aparelador municipal do día 2 de xaneiro de 2009, que literalmente di:

ASUNTO: PROXECTO DE CONSERVACIÓN (OBRA MAIOR)

INFORME: **Procede licenza** das obras de conservación definidas en proxecto.

Non precisa informes sectoriais.

A presente licenza outorgase o abeiro do disposto no Artigo 9º da lei 9/2002 de 30 de decembro de ordenación urbanística e protección do medio rural de Galicia

Os deberes de uso, conservación e rehabilitación que propugna o presente proxecto se centran na simple conservación das fachadas mediante aplacado das mesmas co mantemento estrutural da mesma salvo reforzos circunstanciais e puntuais así como do uso preexistente.

O expediente conta con Estudo básico de seguridade e saúde.

Liquidación provisoria de tributos

Imposto s/construción.....	277,12 €
Taxas licenza urbanística.....	65,00 €
Cartel de obra	110,00 €

2.C) EXPTE. 292/08 – SISTEMAS INFORMÁTICOS RÍAS BAIXAS, S.L. representada por **D. Agustín González Piñeiro**, presenta proxecto de adaptación de local para comercio polo miúdo e reparación de ordenadores, situado na Avda. As Barxas nº 11, local B, de conformidade co proxecto presentado e redactado polo arquitecto técnico D. Humberto Guimerans Gallego, visado o 12.12.2008; superficie construída 73,00 m²; orzamento 3.146 euros.

Dáse conta do informe do aparelador municipal do día 2 de xaneiro de 2009, que literalmente di:

OBRAS DE ACONDICIONAMENTO DE LOCAL ASOCIADA A UNHA ACTIVIDADE NON CLASIFICADA DESTINADA A COMERCIO O POR MENOR E REPARACIÓN DE ORDENADORES.

INFORME: Procede licenza de ACONDICIONAMENTO DE LOCAL para actividade non clasificada destinada a comercio o por menor e reparación de ordenadores.

O abeiro no disposto no Artigo 22.3 do decreto de 17 de xunio de 1955 polo que se aproba o Regulamento de Servizos das Corporacións Locais e dado a que con arreglo o proxecto de obra presentado para o acondicionamento do inmueble destinado as características determinadas refrendadas pola ordenación de usos, débese conceder a licenza de obras se o outorgamento da licenza de apertura non resultase improcedente.

Liquidación provisoria de tributos

Imposto s/construción.....	307,11 €
Taxas licenza urbanística.....	65,00 €
Cartel de obra	110,00 €

3.- PARCELACIÓNS

Visto o expediente instruído a instancia da interesada que de seguido se relaciona e, examinados os informes do técnico e do secretario municipal, a Xunta de Goberno Local, en votación ordinaria e por unanimidade das persoas asistentes, acorda conceder a licenza de parcelación de finca en relación co expediente 145/08, deixando a salvo os dereitos de propiedade e sen prexuízo de terceiros e, con circia subxección ós condicionamentos establecidos nos devanditos informes, e tralo pagamento das taxas correspondentes:

EXPTE. 145/08 – D.^a ROSA PIÑEIRO FERNÁNDEZ presenta proxecto de parcelación de finca sita no lugar denominado “A Peroxa”, do Barrio de Berducedo, de conformidade co proxecto presentado, redactado polo enxeñeiro técnico agrícola D. José Manuel García Barros, visado na data 14.03.2008,

Dáse conta do informe do aparelador municipal do día 2 de xaneiro de 2009, que literalmente di:

ASUNTO: PARCELACIÓN

INFORME: Procede licenza parcelación.

Solo urbano de Ordenanza 2. As parcelas resultantes descritas na documentación técnica presentada, visada polo Colexio Oficial de Enxeñeiros Técnicos e Peritos Agrícolas con data de 25-11-08, resultan tres parcelas de 375,00 , 412,00 e 375,00 metros cadrados que cumpren a condición de mínimas según as determinacións da ordenación urbanística previstas para a zona onde se enclavan.

Liquidación provisoria de tributos

Taxas licenza parcelación..... 165,00 €

4.- APERTURAS

EXPTE. 04/05 – D.^a CRISTINA GALLEGO BOUBETA solicita licenza de actividade clasificada para apertura de instalación destinada a CLINICA DENTAL,

Visto o acordo da Xunta de Goberno Local do 30 de xuño de 2008,

Visto o informe do aparelador municipal do 2 de xaneiro de 2009, que literalmente di:

ASUNTO: LICENCIA DE ACTIVIDADE CLASIFICADA PARA APERTURA DE INSTALACIÓN DESTINADA A CLÍNICA DENTAL.

INFORME: Procede o exercicio da actividade para CLINICA DENTAL promovida por CRISTINA GALLEGO BOUBETA unha vez cumprimentada a documentación asociada a resolución da Xunta de Goberno Local de 30 de xuño do 2008 presentando a certificación de final de obra outorgada polo facultativo intervinente na mesma, o certificado de aillamento acústico e levada a cabo atendose o disposto no Artigo 34 do RAMINP a visita de comprobación pola inspección de obras correspondente.

Liquidación provisoria de tributos

Licenza municipal de apertura 250 €

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade das persoas asistentes e de acordo co informe do aparelador municipal, acorda conceder a **D.^a CRISTINA GALLEGO BOUBETA** licenza para a implantación da actividade de CLÍNICA DENTAL no local situado en Abelendo, 70 baixo dereita, ao ser conforme á ordenación urbanística aplicable, debendo axustarse no seu exercicio ás condicións, limitacións e medidas correctoras establecidas polos servizos técnicos, de conformidade co disposto no artigo 9 do Regulamento de Servizos das Corporacións Locais, aprobado por Decreto de 17 de xuño de 1955.

5.- OUTROS ESCRITOS E LICENZAS

Visto o escrito remitido pola Xunta de Galicia, CONSELLERÍA DE POLÍTICA TERRITORIAL, OBRAS PÚBLICAS E TRANSPORTES – AXENCIA DE PROTECCIÓN DA LEGALIDADE URBANÍSTICA, no que solicita informe previo

do Concello para o outorgamento ou denegación da autorización para a reconstrución dun muro de contención en zona de servidume de protección do dominio público marítimo-terrestre, solicitado por D. Gregorio Ordas Cancian e D.^a María Teresa Barciela, EXPTE. A-APLU 2008/172 Ref. Jmpr (litoral),

Dáse conta do informe do aparelador municipal do día 2 de xaneiro de 2009, que literalmente di:

Arturo Garrido García, arquitecto técnico, aparelador municipal deste concello a requirimento do Sr. Alcalde. En contestación da solicitude da Axencia de Protección da Legalidade Urbanística da Consellería de Política Territorial, Obras Públicas e Transportes, en relación a obra de reconstrución de muro de contención cuxo peticionario resulta ser Gregorio Ordás Cancian e M^a Teresea Barciela (**EXPTE. A-APLU-2008/172, (Ref. Jmpr Litoral)**), emito o presente informe:

A franxa determinada pola servidume de protección califícase, según o documento de revisión e adaptación das NN. SS. de Planeamento Municipal aprobadas en sesión plenaria de 5 de febreiro de 1996 e publicadas no BOP de 29 de maio, como “solo non urbanizable, Ordenanza 12 de conservación e protección de costas e praias.”

Non existe planeamento especial redactado polo cal o grao de execución de calqueer planeamento e nulo.

O técnico que informa, unha vez examinada a memoria construtiva da proposta considera que a obra que se describe ten o grao de consolidación.

Que por determinación do apartado 1.f) da Disposición Transitoria primeira da lei 9/2002, reformada pola 15/2004 de ordenación urbanística e protección do medio rural de Galicia, a esta clase de solo aplicarase o disposto nesta lei para solo rústico. Atendendo o disposto no apartado 1.c) do Artigo 42 da LOUGA os cerramentos e valados con edificación poderán acadar a altura máxima de 1,50 metros.

Aos efectos oportunos.

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade das persoas asistente acorda aprobar o informe elaborado polo aparelador municipal e **remitilo á Consellería de Política Territorial, Obras Públicas e Transportes – Axencia de Protección da Legalidade Urbanística.**

6.- CESIÓN GRATUÍTA DE TERREOS AO CONCELLO PARA AMPLIACIÓN DE BEIRARRÚAS.

6.A) D.^a CARMEN COUSO FERVENZA, con domicilio na rúa Sixalde nº 18, do barrio do Redondo, cede gratuítamente e voluntariamente ao Concello de Moaña a superficie de 19,4580 m², para a ampliación e construción de beirarrúas, da estrada As Barxas – Berducedo, no tramo comprendido entre a rúa Curros Enríquez ata Rosalía de Castro e pide que o Concello se comprometa a construírlle o peche no fronte da fachada da rúa As Barxas-Berducedo.

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade das persoas asistentes, acorda aceptar a cesión de 19,4580 m² da parcela propiedade de D.^a Carmen Couso Fervenza, sita nas Barxas-Berducedo, e comprométese a construírlle o peche no fronte da fachada

da rúa As Barxas-Berducedo, e acorda tamén que a superficie cedida lle computará a efectos de edificabilidade.

6.B) D. JOSE MARÍA SANDE BUDIÑO, con domicilio na rúa Sixalde nº 20, do barrio do Redondo, cede gratuíta e voluntariamente ao Concello de Moaña a superficie de 18,3734 m², para a ampliación e construción de beirarrúas, da estrada As Barxas – Berducedo, no tramo comprendido entre a rúa Curros Enríquez ata Rosalía de Castro e pide que o Concello se comprometa a construírlle o peche no fronte da fachada da rúa As Barxas-Berducedo.

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade das persoas asistentes, acorda aceptar a cesión de 18,3734 m² da parcela propiedade de D. José María Sande Budiño, sita nas Barxas-Berducedo, e comprométese a construírlle o peche no fronte da fachada da rúa As Barxas-Berducedo, e acorda tamén que a superficie cedida lle computará a efectos de edificabilidade.

7.- PROPOSTAS PLAN PROVINCIAL DE COOPERACIÓN EJERCICIO 2009.

Á vista da documentación remitida pola Deputación Provincial de Pontevedra en data 23 de decembro de 2008, nº de rexistro de entrada 5 de xaneiro de 2009, pola que se insta dos Concellos a remisión das correspondentes propostas de obra a incluír no Plan Provincial de Cooperación para o exercizo 2009, propostas que haberán de recibirse na Deputación Provincial de Pontevedra antes do vindeiro 12 de xaneiro de 2009.

Á vista do RD 835/2003 de 27 de xuño polo que se regula a cooperación económica do Estado ás Entidades Locais modificado polo RD 1263/2005 de 21 de outubro e a Orde APU/293/2006 de 31 de xaneiro de desenvolvemento e aplicación do Real Decreto.

A Xunta de Goberno, por unanimidade dos presentes, acorda remitir á Deputación Provincial de Pontevedra as seguintes propostas de obra a incluír no Plan Provincial de Cooperación para o exercizo 2009:

- Obras principais:

- 1) Pavimentación do Camiño do Cunchal (O Piñeiro), que conta cun orzamento de execución por contrata de 43.292,14 euros.
- 2) Pavimentación do Camiño de Albariños (Tirán), que conta cun orzamento de execución por contrata de 52.183,96 euros.

Total das dúas propostas: 95.476,10 euros.

-Obra alternativa:

- 1) Pavimentación do camiño da Xeira á Gándara, que conta cun orzamento de execución por contrata de 95.476,10 euros.

8.- PROPOSTAS FONDO ESTATAL DE INVESTIMENTO LOCAL.

Á vista do Real Decreto-Lei 9/2008 de 28 de novembro polo que se crea un Fondo Estatal de Investimento Local que ten por obxecto aumentar o investimento público no ámbito local mediante o financiamento de obras de nova planificación e execución inmediata a partires de comezos do 2009 e que sexan competencia das entidades locais.

Á vista da Resolución de 9 de decembro de 2008 polo que se aproba o modelo para a presentación de solicitudes, as condicións para a tramitación e a xustificación dos recursos librados con cargo ao Fondo Estatal de Investimento Local creado polo Real Decreto-Lei 9/2008 de 28 de novembro, Resolución que determina entre outros condicionantes que cada unha das obras propostas deberá ter un valor estimado inferior a cinco millóns de euros sen IVE e que as solicitudes deberán presentarse entre o 10 de decembro de 2008 e 24 de xaneiro de 2009.

A Xunta de Goberno, por unanimidade dos presentes, acorda aprobar as seguintes propostas de proxectos de obra a incluír no Fondo Estatal de Investimento Local:

- PROXECTOS FONDO ESTATAL DE INVESTIMENTO LOCAL:

- Proxecto de Humanización do Barrio de O Real (Moaña). Orzamento de execución por contrata de 741.379,31 euros. IVE: 118.620,68 euros. Total: 859.999,99 euros.
- Proxecto de Reurbanización da Rúa As Barxas (Moaña). Orzamento de execución por contrata de 273.728,66 euros. IVE: 43.796,59 euros. Total: 317.525,25 euros.
- Proxecto de Reforma do Pavillón Polideportivo do Rosal (Moaña). Orzamento de execución por contrata de 113.743,35 euros. IVE: 18.198,94. Total: 131.942,29 euros.
- Proxecto de Reforma do Pavillón Polideportivo de Reibón (Moaña). Orzamento de execución por contrata de 193.384,16 euros. IVE: 30.941,46. Total: 224.325,63 euros
- Proxecto de Instalación de céspede artificial no campo de fútbol municipal do Casal (Moaña). Orzamento de execución por contrata de 324.028,21 euros. IVE: 51.844,51. Total: 375.872,72 euros.

Asemesmo a Xunta de Goberno acorda cumprimentar as citadas propostas ca documentación requirida na normativa anteriormente citada e remitilos ao Ministerio de Administracións Públicas.

9.- ALTAS LUDOTECA

Visto o informe do 7 de xaneiro de 2009 da coordinadora da Ludoteca, co visto e prace da Concelleira de Igualdade, a Xunta de Goberno, por unanimidade dos membros asistentes, acorda dar de alta no servizo municipal da Ludoteca á seguinte usuaria, con indicación do nome da menor, o nº de socia, tarifa que lle corresponde e nome do/a responsable obrigado ao seu pagamento:

Socio	Laura Veiga García	Art. 4 Epgr. 1º
155	CLARA MARÍA GARCÍA OLIVEIRA (nai)	36.090.285 L

10.- RECLAMACIÓN DE DANOS

10.A) Visto o escrito presentado por D. José Manuel Durán Nores o 12 de decembro de 2008 no que expón que ten desperfectos nos baixos do seu vehículo por valor de 489,75 euros causados polos redutores de velocidade (RDV) instalados na Avda. Concepción Arenal e na rúa José Costa Alonso, e solicita que lle paguen os desperfectos causados polos devanditos redutores e que se reformen todos os RDV que non cumbran coa lei.

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade das persoas asistentes, acorda desestimar a reclamación realizada por D. JOSÉ MANUEL DURÁN NORES por non quedar acreditada a responsabilidade do Concello, o nexo causal entre os redutores de velocidade e os danos sufridos.

10.B) RECLAMACION DE DANOS. DNA. MARIA BERMÚDEZ PENA.

En data 17 de decembro de 2008, Dna. María Bermúdez Pena presenta reclamación ante o Concello por danos sufridos no seu vehículo matrícula 9839-CRP. En concreto na reclamación sinala que en data 21 de novembro de 2008, cando circulaba pola rúa Carrachal en dirección Pedroso caeu nunha fochanca na calzada e polo impacto rompeuse a roda esquerda. O vehículo quedou inmovilizado, ao lugar acudiu a Policía Local Acompaña de un orzamento de reparación por importe de 582,32 euros.

Adxunta á reclamación informe da Policía Local de data 22 de novembro de 2008, onde se precisa que o reclamante personouse nas dependencias municipais na tarde do día 21 de novembro de 2008 manifestando que facía uns intres cando circulaba pola estrada do Pedroso hacia O Rosal (Rúa do Centoleira) á altura do monte Carrachal pasou por riba dunha fochanca e danou a roda dianteira esquerda do seu vehículo. Feita a inspección ocular pola Policía comprobouse que un vehículo modelo Volkswagen Golf e matrícula 9839-CRP se atopaba estacionado fronte ao número 5 da rúa Centoleira, cunha roda desinflada e a llanta con raspazos no lateral. A requerinte acompaña aos policías e amósalles o lugar onde presuntamente aconteceron os feitos, podéndose comprobar a existencia dunha fochanca no lugar de 60x40 cms e 10 cms de fondo.

O artigo 13 do Regulamento dos Procedementos en materia de responsabilidade patrimonial das Administracións Públicas, aprobado por Real Decreto 429/1993, de 26 de marzo, dispón que a resolución pronunciárase necesariamente sobre a existencia ou non da relación de causalidade entre o funcionamento do servizo público e a lesión producida, o que esixe a acreditación do feito a través dos medios de proba que sexan necesarios, como prevé o artigo 9 do citado Regulamento.

Visto que no presente caso é, a vista dos feitos, se entende que queda acreditada por parte do prexudicado, ao que incumbe a carga probatoria, que os feitos aconteceron no citado lugar como logo se alegou, e que se da por acreditada a comisión dos feitos no lugar sinalado na denuncia.

Considerando que queda suficientemente acreditada no caso presente a existencia de relación de causalidade entre o funcionamento do servizo público e o dano producido, a Xunta de Goberno, por unanimidade dos presentes, acorda estimar a reclamación de

danos presentada ante o Concello por Dna. María Bermúdez Pena por danos sufridos no seu vehículo matrícula 9839-CRP acordando o pago á denunciante dos 582,32 euros reclamados.

11.- SOLICITUDES DE VADO

Con data 31 de outubro de 2008, **D. FRANCISCO COLORET RODAS**, presenta instancia na que solicita un vado permanente na Avda. Daniel Castelao, 64 – O Con, para o que presenta o recibo de pago das taxas por un importe de 105,00 euros (90,00 € vado e 15 € do sinal)

Visto o informe do inspector xefe da Policía Local do Concello de Moaña do 14 de novembro de 2008, no que indica que se trata dun garaxe familiar con tres (3) prazas, cun ancho de entrada de entrada de 2,50 metros e un rebaixe no bordillo da beirarrúa cun ancho de 3,60 metros, e que non existe inconveniente en que se lle conceda o permiso para o citado vado,

Visto o informe do inspector de obras do día 18 de novembro de 2008 que indica que se encontra en zona urbana,

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade das persoas asistentes, acorda aprobar o vado solicitado por D. FRANCISCO COLORET RODAS, cunha lonxitude de 3,6 metros, polo cal presenta o recibo de taxas por un importe total de 90 € e que se notifique o presente acordo á Recadación municipal.

12.- SERVIZO DE AUGAS AQUALIA: CONEXIÓNS AUGAS E SANEAMENTO

Á vista da solicitude presentada, a Xunta de Goberno Local, por unanimidade das persoas asistentes, acorda aprobar a que se relaciona a continuación.

	Servizo	Lugar	Taxas aboadas	Informe favorable
MANUEL MAGÁN ARCA	Auga para construción	Bouza do Barrio da Praia	Taxas dereitos conexión..... 60 € Fianza 150 €	Aqualia
JOSE NÚÑEZ GIRALDEZ	Auga para local comercial	Edificio Las Arenas	Taxas auga 60 € Fianza..... 20 €	Aqualia 4

E non sendo outro obxecto, a Presidencia dá por rematada a sesión, sendo as 20:40 horas do día fixado no encabezamento, de todo o que, como secretario DOU FE.